

Se non pode ver correctamente este correo electrónico, faga clic [aquí](#)



Boletín do Proxecto Symbios Núm. 4 – Marzo 2014

Novidades | O segundo seminario será en xuño en Santiago



O II Seminario Técnico do Proxecto Symbios celebrárase o 19 de xuño en Santiago de Compostela. Os países participantes compartirán o coñecemento adquirido e presentaranse vídeos dunha mostra diversa de Galicia e Norte de Portugal. Promoverase unha maior participación e debate.

Recursos Symbios



Humor

A innovación no rural xa é unha realidade: non é preciso agardar polo futuro para comprobalo.

[Ler máis na web](#)



CDR Ancares

É un proxecto integral que abrangue aspectos sociais, económicos ou educativos da bisbarra galega dos Ancares.

[Ler máis na web](#)



Ellinkulma

Este centro de demostración de boas prácticas relacionadas co autocoidado, vida e vivenda de persoas de idade está en Finlandia.

[Ler máis na web](#)

Materials



Curso

COCEDER convoca un curso de sobre emprendemento sustentable no medio rural.

[Ler máis na web](#)



Horizonte 2020

Opcións de financiamento europeo en I+D+I ata 2020 en saúde e cambio demográfico.

[Ler máis na web](#)



Desafío: Europa envellecida

O Paquete de Investimento Social da UE lembra que a atención das persoas a longo prazo é un reto.

[Ler máis na web](#)

A entrevista. Raymond O'Connor. Profesor e investigador en xeografía rural e desenvolvemento comunitario (University College Cork), Irlanda.



- En termos de fertilidade, os datos demográficos en Irlanda non son precisamente alarmantes. Pero, en que medida o desequilibrio territorial e a habitabilidade das áreas rurais son aínda un desafío pendente? -O censo de 2011 puxo en evidencia unha redistribución da poboación en torno a áreas rurais accesibles e un declive demográfico nas áreas remotas. A orixe desta tendencia pode rastrexarse no tempo e sitúase nos anos 90. Dende 1994 o crecemento da poboación concentrouse nunha serie de vilas dormitorio -áreas rurais accesibles- nucleadas por cidades grandes. Para esas áreas rurais as perspectivas demográficas son boas. Pero os prognósticos de viabilidade a longo prazo das áreas rurais remotas non son bos. O continuo devalo da poboación desas áreas implica moitos desafíos. Pero dado que esa tendencia só se viu confirmada co censo de 2011, a reconfiguración das

actuais estratexias para abordar as consecuencias sociais, culturais e económicas do despoboamento e declive rural aínda non se acometeu.

[Ler máis na web](#)



XUNTA
DE GALICIA



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

Este é o boletín electrónico do proxecto Symbios, unha iniciativa de encontro, intercambio e aprendizaxe sobre os desafíos do cambio demográfico e as súas consecuencias no benestar e na inclusión social da xente e dos territorios de Galicia e doutras rexións europeas afectadas. Se ten calquera dúbida ou quere contarnos algo, contacte con nós desde [aquí](#) e se quere deixar de recibir este boletín electrónico, faga clic [aquí](#)